



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia moderna universal

Materia	Historia moderna universal			
Código	002G251V01402			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	López Díaz, María Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da civilización e sociedade da Idade Moderna, prestando especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada
C22	Coñecemento da historia universal
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Capacidade de organización e planificación
D7	Capacidade de razoamento crítico
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	A1 A3	B2	C12 C14 C16	D7

Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	A2 A5	B2	C16 C22	D1 D7 D15
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	A3	B2	C12 C14 C16 C20	D7 D11
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	A5		C16 C20 C22	D1 D3
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	A3 A5		C16 C20 C22	D1 D3 D7

Contidos

Tema

1. Bases estruturais	1.1. A demografía europea do Antigo Réxime. 1.2. Os sectores económicos da Europa do Antigo Réxime. 1.3. A sociedade europea do Antigo Réxime. 1.4. O pensamento económico na Europa Moderna.
2. Cultura e mentalidades	2.1. Humanismo e reformas relixiosas. 2.2. Cultura e ciencia do Barroco á Ilustración. 2.3. Cultura popular e mentalidades (ss. XVI-XVIII).
3. Política e relacións internacionais	3.1. O pensamento político moderno e as novas correntes. 3.2. As monarquías europeas e as relacións internacionais no século XVI. 3.3. A crise das monarquías absolutas e as relacións internacionais no século XVII. 3.4. O Despotismo ilustrado e os conflitos dinásticos do setecentos. Reacción e revolución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	30	54
Seminario	4	16	20
Traballo tutelado	5	14	19
Traballos de aula	4	10	14
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Titoría en grupo	4	0	4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	20	24
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	6	8
Probas de autoavaliación	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar o programa da materia, así como a tomar contacto e obter información das competencias, intereses e motivacións do alumnado co fin de articular a docencia para unha aprendizaxe máis eficaz.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa mesma.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo intensivo sobre un tema ou serie de temas do programa que pode requirir a lectura e manexo de bibliografía, dar resposta a preguntas dirixidas, etc. orientados a fomentar o debate e a participación activa do alumnado. Dentro desas actividades inclúese un seminario programado.
Traballo tutelado	Elaboración e presentación de traballos feitos polos alumnos de forma individual ou en grupo.
Traballos de aula	Actividades encamiñadas á resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos da materia.
Eventos docentes y/o divulgativos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Titoría en grupo	Seguimento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como dos traballos e exercicios prácticos requiridos ós alumnos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas relacionadas coas lecturas de materiais bibliográficos e as súas preguntas guía que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballo tutelado	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos de aula	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Lección maxistral	A avaliación farase mediante a realización de dúas probas escritas que incluírán: preguntas de resposta longa ou desenvolvemento, algunhas de resposta curta e unha proba práctica. Para superar a materia será preciso acadar en cada unha de ditas probas unha cualificación de 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia ii. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias iii. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	60	A1	B2	C14	D1	
					C16	D11	
					C20	D15	
					C22		
Seminario	Presentación e análise crítica dos materiais traballados mediante a participación activa do alumno nos debates e discusións. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	7.5	A2		C12	D1	
			A3		C20	D3	
					C22	D11	
Traballo tutelado	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme os criterios establecidos, dos traballos requiridos. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas ii. Elaboración de traballos básicos e de iniciación	15	A3	B2	C14	D1	
					C16	D3	
					C20		
					C22		
Traballos de aula	Presentación e entrega, conforme os criterios establecidos, dos materiais elaborados nas sesións prácticas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Elaboración de traballos básicos e de iniciación	7.5	A2			D1	
			A3			D3	
						D11	
Probas de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	10	A2		C16	D3	
			A5		C22	D11	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de

teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios e liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar o examen final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Os/as alumnos/as que non se poidan acoller á modalidade presencial, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita na que se incluírán preguntas teóricas ou de desenvolvemento relativas ós conceptos básicos da mesma, xunto cunha pregunta práctica, que suporá o 70% da súa cualificación final. O 30% restante será completado a través dun traballo obrigatorio sobre os contidos do programa da materia, a convir co docente, que os/as alumnos/as deberán entregar como data límite na fixada para a realización da mentada proba escrita.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Floristán Imizcoz, A. (coord.), **Historia Moderna Universal**, Ariel, 2005
Fontana, J. (ed), **Historia Universal Planeta. vol. 6 a 10**, Planeta, 1992-1994
Hinrichs, E., **Introducción a la historia de la Edad Moderna**, Akal, 2001
Martínez Ruiz, E. et al., **Introducción a la Historia Moderna**, Istmo, 1994
Molas Ribalta, P. et al., **Manual de Historia Moderna**, Ariel, 1993
Ribot, L., **La Edad Moderna (siglos XV-XVIII)**, Marcial Pons, 2016
Tenenti, A., **La Edad Moderna. Siglos XVI a XVIII**, Crítica, 2000

Bibliografía Complementaria

Black, J., **La Europa del siglo XVIII, 1700- 1789**, Akal, 1997
Braudel, F., **Civilización material, economía y capitalismo. Siglos XV-XVIII, 3 vols.**, Alianza, 1984
Burke, P., **La cultura popular en la Edad Moderna**, 3.ª, Alianza, 2014
Chartier, R., **Libros, lecturas y lectores en la Edad Moderna**, Alianza, 1993
Elliot, J. H. et al., **Revoluciones y rebeliones de la Europa Moderna: cinco estudios sobre sus precondiciones y precipitantes**, 2.ª, Alianza, 1975
Lutz, H., **Reforma y Contrarreforma. Europa entre 1520 y 1648**, Alianza, 2008
Mackenney, R., **La Europa del siglo XVI: expansión y conflicto**, Akal, 1996
Munck, TH., **La Europa del siglo XVII: 1598-1700. Estados, conflictos y orden social en Europa**, Akal, 1994
Kamen, H., **La sociedad europea (1500-1700)**, Alianza, 1986
Renouvin, P., **Historia de las relaciones internacionales, vol. 1 y 2**, Aguilar, 1967-1969
Schultz, H., **Historia económica de Europa, 1500-1800: artesanos, mercaderes y banqueros**, Siglo XXI, 2001
Rivero Rodríguez, M., **Diplomacia y relaciones exteriores en la Edad Moderna, 1453-1794**, Alianza, 2000
Rudé, G., **Europa en el siglo XVIII. La aristocracia y el desafío burgués**, Alianza, 1978

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Outros comentarios

Recoméndase cursar as materias Historia Moderna de España e Historia moderna de Galicia que se irán incorporando ó plano de estudos nos cursos vindeiros.

Ao longo do curso entregárase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.